

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acoillidas ao programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 26 de abril de 2002 publicouse o programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio de 2002).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acoillidas ao programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acoillidas ao convenio polo que se establece unha liña de avais para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladarios.

Mediante Resolución do 5 de novembro de 2004 publicouse o contido do convenio polo que se establece unha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladarios, subscrito entre o IGAPE e as entidades financeiras (DOG nº 222, do 15 de novembro de 2004).

Na cláusula quinta determínanse as características das operacións de préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acoillidas ao convenio polo que se establece unha liña de avais para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladarios será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto galego de
Promoción Económica

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acoillidas ao programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 25 de abril de 2005 publicouse o programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 84, do 3 de maio de 2005).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acoillidas ao programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 24 de marzo de 2003 publicouse o programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 63, do 31 de marzo de 2003).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se ordena a publicación da convocatoria de provisión dos postos de traballo incluídos na oferta pública de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 116, do 17 de xuño de 2005, é necesario facer as seguintes correccións:

-Na páxina 10.635 no punto 4.4 onde di: «...e nas delegacións territoriais...», debe dicir: «...e nas delegacións provinciais...».

-Na páxina 10.638 no encabezado onde di: «ANEXO I», debe dicir «ANEXO II».

-Na páxina 10.643 no posto co nº 154 na columna cons. onde di: «AS», debe dicir: «FA».

-Na páxina 10.648 no posto co nº 244 na columna de observacións débese engadir: Quendas de mañá e tarde.

-Na páxina 10.650 no posto co nº 290 na columna de observacións débese engadir: Xornada partida.

-Na páxina 10.662 no posto co nº 548 na columna de observacións débese engadir: Quendas de mañá e tarde.

-Na páxina 10.676 no posto nº 866 onde di: «...limpador/a», debe dicir: «limpador/a(*3)».

-Na páxina 10.677 no posto co nº 915 onde di: «limpador/a», debe dicir: «limpador/a(*3)».

-Na páxina 10.689 nos postos co números de orde 1214, 1215 e 1216 na columna de centro de destino onde di: «I.E.S N», debe dicir: «I.E.S Nº 1».

-Na páxina 10.695 no posto co nº 1337 onde di: «limpador/a», debe decir: «limpador/a(*3)».

-Na páxina 10.706 o posto co nº de orde 1672 débese de eliminar da relación de postos vacantes.

-Na páxina 10.708 o posto co nº 1754 onde di: «OT.C99.10.000.15001.152», debe decir: «OT.C99.10.000.15001.130» e na columna de observacións débese de engadir: dispoñibilidade horaria.

-Na páxina 10.712 onde di: «*3», debe decir: «*2», e débese de engadir *3 Postos pendentes de publicar a modificación RPT con cambio de xornada.

Esta corrección modifica o prazo de presentación de instancias e igualmente a data límite de cómputo de méritos.

Orde do 22 de xuño de 2005 pola que se convocan para a elección de destino os aspirantes que superaron o proceso selectivo para diversas categorías do grupo I convocado pola Orde do 6 de agosto de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 26 de agosto) e os grupos III e IV convocados pola Orde do 19 de decembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro) de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Polas ordes reseñadas anteriormente convocouse o proceso selectivo para o acceso ás categorías 011 (titulado superior pedagogo), categoría 019 (titulado superior especialista-titulado superior farmacéutico) e 040 (titulado superior lingüista) do grupo I, ás categorías 001 (encargado de equipos mecánicos), 005 (intendente, encargado de almacén), 052 (tradutor intérprete da administración de xustiza), 067 (capataz de obra), 074 (oficial 1 albanel), 084 (oficial 1 calefactor), 090 (animador sociocultural) do grupo III e a categoría 025 (tremoeiro) e 039 (auxiliar de autopsias) do grupo IV sendo elevadas a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo.